ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

FICHA DA ACTIVIDADE FORMATIVA
CV26088

1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: A intervención do Consello Consultivo de Galicia na contratación pública

CONVOCATORIA: 2ª Convocatoria Consello Consultivo

GRUPO: Cursos Convenios

ÁREA: Comunicación, organización do traballo e mellora das habilidades

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	**PLAN:**	CONVENIO	**HORAS:**	30
ADMINISTRACIÓN:	AU|LO|UN	**ESTADO:**	CONVOCADO	**ANO:**	2026
MOD.IMPARTICIÓN:	TELEFORMACIÓN	**TIPOLOXÍA:**	ESPECÍFICO	**EDICIÓNS:**	1

DATA MATRÍCULA: Do 02/06/2026 - 09:00h ao 08/06/2026 - 14:00h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Valoración
Para os efectos do establecido na Resolución do INAP do 25 de xaneiro de 2022 (BOE núm. 26, do 31 de xaneiro de 2022), pola que se establecen os criterios de recoñecemento e valoración de cursos de formación e perfeccionamento a efectos do baremo de méritos xerais do persoal funcionario da Administración local con habilitación de carácter nacional, a este curso outorgaráselle unha puntuación de 0,40 puntos.

Para os efectos do establecido no Decreto 49/2009, do 26 de febreiro (DOG núm. 52, do 16 de marzo, e corrección DOG núm. 77, do 22 de abril) sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto do persoal funcionario con habilitación de carácter estatal, a este curso outorgaráselle unha puntuación de 0,30 puntos.

A recente Lei 9/2017, do 9 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP) supuxo unha innovación que persegue modernizar os procedementos de contratación, mellorar a eficiencia e simplificar os procedementos de contratación pública.
Ao tradicional elenco de competencias outorgadas aos órganos consultivos das AAPP (Consejo de Estado ou órganos consultivos autonómicos) a nova lei establece outras novas.
O presente curso pretende analizar as competencias substantivas outorgadas pola nova LCSP aos órganos consultivos, e aos trámites e procedementos a través dos que se exercen estas competencias.

DESTINATARIOS

Empregados/as públicos/as das entidades locais de Galicia, da Administración Pública Autonómica de Galicia, da Administración institucional galega e das entidades públicas instrumentais do artigo 45.a) da LOFAXGA, e persoal técnico, de xestión e de administración e servizos (PTXAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG) dos subgrupos A1 e A2 e equivalentes, así como habilitados nacionais.

PROGRAMA

Tema 1. O Consello Consultivo de Galicia: composición, competencias, organización e funcionamento.
Tema 2. Interpretación dos contratos administrativos e concesións administrativas. Caso práctico.
Tema 3. Modificación dos contratos administrativos e concesións administrativas. Caso práctico.
Tema 4. Resolución de contratos e extinción de concesións administrativas. Caso práctico.
Tema 5. Revisión de oficio de actos en materia de contratación pública. Caso práctico.
Tema 6. Responsabilidade patrimonial derivada da contratación pública. Caso práctico.
Tema 7. O recurso especial en materia de contratación. Caso práctico.
Tema 8. A contratación pública socialmente responsable.
Tema 9. Cláusulas sociais e medioambientais na contratación pública.

CRITERIOS DE SELECCIÓN
Criterios xerais da Resolución do 10 de maio de 2023, pola que se fan públicas as bases e as condicións xerais de participación nas actividades formativas (DOG núm 96, do 23 de maio de 2023).

3. DATOS EDICIÓNS

T01		
LOCALIDADE: TELEFORMACIÓN		**INICIO / FIN:** 08/09/2026 a 08/10/2026
NUM. PRAZAS: 50	**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)	**DATA EXAME:** 13/10/2026 ás 17:00h
DOCENTES NOMEADOS		
NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE		
LUGAR DE REALIZACIÓN		
Proba final en liña.		